



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: boletin@edu.xunta.es

CIRCULAR DE ORIENTACIÓN

[Circular 18/2007](#) das direccións xerais de Ordenación e Innovación educativa e de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se dictan instrucións

para unificar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional das ensinanzas escolares de Galicia.



XORNADA “A PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NA MELLORA DA CALIDADE DO ENSINO”

A xornada “A participación da comunidade educativa na mellora da calidade do ensino” desenvolverase na EGAP, Santiago de Compostela, o día 17 de novembro de 2007. Está dirixida fundamentalmente aos mem-

embros de consellos escolares de centros educativos e de consellos escolares municipais. Máis información no portal educativo, na páxina do Consello Escolar de Galicia.



Contido:

Circular de orientación	1
Xornada “A participación da comunidade educativa na mellora da calidade do ensino”	1
Resolución de centros CUALE	1
Centros de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo de infantil	1
Concurso europeo 2007 “La Unión Europea y la no discriminación”	2
Atención educativa ao alumnado inmigrante. Experiencia e innovación	2
Voluntariado e solidariedade	2
Potenciación do ensino en lingua galega na educación infantil	2
As relixións do mundo	2

RESOLUCIÓN DE CENTROS CUALE

No [Dog nº 190](#) do luns 1 de outubro de 2007 sae publicada a Resolución pola que se fai pública a relación de centros autorizados para impartir o programa de cursos para

a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras, CUALE, nos institutos de educación secundaria e nos centros integrados de formación profesional

da Comunidade Autónoma de Galicia.

[Acceso ao web de linguas estranxeiras](#)




CENTROS DE ANTICIPACIÓN DA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA NO SEGUNDO CICLO DE INFANTIL

No [DOG nº 191](#) do martes 2 de outubro sae publicada a Resolución do 30 de agosto de 2007 pola que se fai pública a relación de centros autorizados para participar na realización de pro-

yectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo de educación infantil.



CONCURSO EUROPEO 2007 “LA UNIÓN EUROPEA Y LA NO DISCRIMINACIÓN”



Invítase a toda a mocidade de 12 a 14 anos e de 15 a 18 a crear un póster que ilustre o día da non discriminación en toda Europa. Despois dunha preselección nacional e unha entrega de premios en cada Estado membro o 20 de novembro, Día Internacional dos Derei-

tos do Neno, invitarase os tres equipos gañadores de cada grupo de idade a unha viaxe a Bruxelas do 15 ao 17 de decembro para participar na cerimonia de entrega de premios, así como a visitar as institucións europeas e a cidade de Bruxelas. [Acceso](#)



ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO INMIGRANTE. EXPERIENCIA E INNOVACIÓN

Os días 8, 9 e 10 de novembro celébrase en Santiago de Compostela, no Salón de Actos da Facultade de Psicoloxía, o I seminario Nacional “ATENCIÓN AO ALUMNADO INMIGRANTE. EXPERIENCIA E INNOVACIÓN”. Entre os obxectivos

preténdese potenciar as canles de colaboración entre investigadores e profesionais da educación e animar os profesionais da educación a que desenvolvan programas en centros.

[Más información](#)



VOLUNTARIADO E SOLIDARIEDADE

Aberto o prazo de presentación para a realización de webquest, libros web colaborativos e graffitis para difundir entre o alumnado valores como o voluntariado e a solidariedade. Convocatoria conxunta da Dirección

Xeral de Xuventude e Solidariedade e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación educativa pola que se organizan actividades de sensibilización e participación en accións de voluntariado e solidariedade nos

centros educativos de ensinanza non universitaria para conmemorar o 5 de decembro, Día Internacional do Voluntariado.

[Más información.](#)

POTENCIACIÓN DO ENSINO EN LINGUA GALEGA EN EDUCACIÓN INFANTIL

Relación provisional de centros seleccionados para a potenciación do ensino en lingua galega na educación infantil (3-6 anos), convocados ao

abeiro da Convocatoria de accións para potenciar o ensino en lingua galega no segundo ciclo de educación infantil en con-

textos castelán falantes.

[Acceso.](#)

AS RELIXIÓNS DO MUNDO

A fundación ATMAN elaborou un material interactivo, “Las religiones en el mundo”, co que pretende facilitar o coñecemento dos diversos aspectos que compoñen, tanto a visión do

mundo de cada relixión, como a visión global do conxunto das relixións.

[Acceso ao material.](#)

